

nosautros ‘nosotros’ (occ. *nosautres*), *xen* ‘perro’ (fr. *chien*), *xipar* ‘mexar’ (occ. *pishar* con metátesis), *xorne* ‘xornal, salariu’ (occ. *jorn* ‘día’), etc.

Lo mesmo pue dicise de les palabras con clara relación col eusquera: *xabardúa* ‘aguardiente’ (vascu *sagardo* a ‘la sidra’, que Feito cita, pero sin conseñar significáu); *artón* ‘bollu, pan’ (vascu *arto* ‘maíz’), *ardúa* ‘aguardiente’ (vascu *ardoa* ‘el vinu’), *barroi* ‘pene’ (vascu *barro*), *chipeno* ‘pequeño’ (vascu *txipi*), *gorri* ‘paisanu, non caldereru’ (vascu *gor* ‘sordu’ o *gorri* ‘roxu’), *meco* ‘barato’ (quiciabes vascu *merke*), *mutil* ‘rapaz’ (vascu *mutil*). L’autor menta l’orixe vascu de delles voces, como *oitu* ‘pan’ (¿vascu *ogiz*?), *xauxe* ‘nada’, *xera* ‘carne’, *xulicar* ‘callar’ (quiciabes vascu *ixili*). L’argot de los canteros gallegos, llamáu *verbo dos arginas* (al que Feito se refier na páx. 214 y otres) contién l’eusquerismu *hargin* ‘picapedreru’. Delles voces d’orixe gallego-portugués son a atopase nel bron: *alonxar* ‘alloñar o allonxar’, *lonxe* ‘lloñe o llonxe’. Otres palabras puen rastrexase nel falaxe «cheli» urbanu de güei, como *piltra* ‘cama’, *pulir* ‘vender’, *calcurros* ‘zapatos’, *trena* ‘cárcel’, etc.

El vocabulariu bron-castellanu / castellanu-bron qu’ofrez Feito ye bramente estensu, pues ocupa cuasi la metá del llibru a partir de la páx. 213; ye, con un cachu, l’aspectu filolóxicu más trabayáu de la obra. Ye interesante'l sistema de claves qu’acompaña cada entrada, que da información sobre qué voces tán recoyíes de la tradición y cuáles son añadíes lliterariamente por él mesmu o polos alumnos del cursu organizáu por él (pues mesmamente conséñense los neoloxismos inventaos por votación nes clases, que son abondos). Y, d’otramiente, el llibru ye ricu n’información histórica y documental sobre les hipótesis del orixe del bron y la so relación con otros falaxes asemeyaos.

RAMÓN D’ANDRÉS

Xoán Babarro González, *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, A Coruña (Fundación Pedro Barrié de la Maza), 2003, 2 vols., 582 + 521 páxs.

Con data de publicación do ano 2003 acaban de chegar ás librerías dous completísimos volumes sobre a lingua galega que se fala na parte máis occidental de Asturias, concretamente entre os ríos Eo e Baraio, un pouco máis alá do Navia, que o catedrático de Lingua e Literatura e premiado escritor galego, Xoán Babarro, presentou como tese de doutoramento no ano 1994 na Universidade de Santiago de Compostela e que obtivo a máxima cualificación de Apto *cum Lau-*

de. Sae, pois, este traballo aos case dez anos de rematarse, despois de ser corrixido e actualizado bibliograficamente. Trátase dun exhaustivo estudo dialectolóxico do que se fixeron e recolleron todas as enquisas de campo entre os veráns do 1990 ao 1992, é dicir, que nos suministra datos e conclusións de última hora sobre a situación da lingua que se fala entre ditos ríos dende diversas perspectivas: fónica, morfosintáctica, semántica (cun interesantísimo léxico), sociolóxica (valoración, usos e actitudes dos falantes, así como o estatus legal do galego en Asturias) e tamén, en menor medida, como apoio ao traballo lingüístico, fai referencias históricas, culturais e etnográficas (gastronomía, cabazos, pallozas, galochas, lendas, música, etc.), todo iso respaldado e ilustrado con mapas, textos orais e literarios, así como por diverso material fotográfico.

Por empezar polo final e citando a outros que me precederon na reseña do libro de Xoán Babarro, como é o caso do profesor doctor José Antonio Fernández Vior, reseña sobre a que volverei xa que nos vai servir coma contrapunto para a nosa, fago miñas as súas derradeiras reflexións nas que afirma: «se trata, sin lugar a dudas, de una obra que cualquier estudioso o interesado por la realidad lingüística de esta zona occidental del Principado de Asturias debería conocer»¹; con outras palabras, estamos, até o día de hoxe, diante da publicación –como estudo xeral ou de conxunto– máis rigorosa, pormenorizada e completa que temos sobre a lingua destes dezaioito concellos, que pertencen á comunidade asturiana, pero que son de fala e cultura galegas e que se encontran delimitados polos ríos Eo e Baraio. Polo que se ve na publicación de Xoán Babarro, a lingua galega abrangue eses lindeiros fluviaais, lindeiro que aproximadamente vén coincidir co histórico orixinario do *Conventus lucensis* romano, sinalado por historiadoras como Carmen Fernández Ochoa² ou lingüistas como Ramón Menéndez Pidal, que no ano 1906 no seu estudio sobre *El dialecto leonés* xa dicía: «En Asturias, junto al mar, el dialecto leonés, no empieza sino a la derecha del río Navia; a la izquierda del río se habla hoy una variedad del gallego de Lugo, y aún en algunos pueblos inmediatos a la orilla derecha. Así en Armental, que está a la derecha, se dice *corpo, terra, morto, tempo* (mientras en Villapedre, que dista ocho kilómetros, ya aparece

¹ JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR, na reseña desta obra de Xoán Babarro González, en *Campo del Tablado, Revista asturgalaica de cultura*, 1, Castropol, 2004, páx. 148.

² CARMEN FERNÁNDEZ OCHOA, «Roma y la conquista del norte peninsular», *Historia de Asturias*, fascículo 9, Oviedo (La Nueva España), 1990, páx. 153.

el diptongo *muorto*, etc.). Remontando el curso del Navia se hallan a su orilla derecha, nombres gallegos mezclados con otros leoneses: *Cabanella* sin diptongo, como *Cacabellos* (2 kils. al sur de Armental, pero *Carboniella*, 10 kils. a su oriente); junto al río está *Ponteciella*, con nombre no gallego, pero luego hallamos: *Bustelo* (pero *Muriellos*, 7 kils. a su oriente); *Bustarelo*; *Barcela*, y 6 kils. a su oriente, *Fontela*. A juzgar por estos nombres, el gallego se extiende por una faja de unos ocho kilómetros al oriente de Navia. Probablemente este límite estará determinado por razones históricas tan antiguas, que tendrá algo que ver con el límite de los conventos jurídicos Asturicensis y Lucense; el río Navia, según Plinio, separaba a las astures péscicos de los gallegos lucenses³; atinaba certamente, unha vez máis, Ramón Menéndez Pidal.

Unha cuestión básica e fundamental nos traballos que se fan sobre a lingua desta zona é saber a súa filiación lingüística ou a que tronco lingüístico pertence. Neste senso, o profesor Xoán Babarro titula o seu traballo *Galego de Asturias*, porque non só entende senón que ademais demostra que o sistema de lingua (fónico, morfosintáctico e semántico) que se fala nestes dezaioito concellos asturianos pertence ao galego, seguindo, por outra parte, toda unha tradición lingüística de romanistas e de anteriores e prestixiosos filólogos que estudaron a lingua desta zona, como foron, entre outros, Åke W:son Munthe no ano 1887⁴, Ramón Menéndez Pidal⁵, Dámaso Alonso⁶ ou Lorenzo Rodríguez-Castellano⁷. Tratar de negar esta evidencia lingüística, como se quere facer crer en recentes traballos, enmascarándoa con etiquetas simplistas ou faltas de rigor científico, é negar a realidade e faltar á ciencia lingüística, o que conleva ademais erros chamativos, es-

³ RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL, «El dialecto leonés», *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 14 (1906), páxs. 128-172 e 294-311, pero eu cito por *El dialecto leonés*, León (Diputación Provincial de León), 1990, páxs. 11-12.

⁴ ÅKE W:SON MUNTHE, *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*, Uviéu (Biblioteca de Filología Asturiana), 1987, páxs. 97 e seguintes.

⁵ RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL, *El dialecto leonés*, pág. 11.

⁶ DÁMASO ALONSO, «Portugués “sotaque”», en *Obras completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, pág. 444, e na maioría dos artigos que tratan sobre a lingua desta zona asturiana.

⁷ LORENZO RODRÍGUEZ-CASTELLANO, «Palatalización de la L- inicial en zona de habla gallega», *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, 4, 1948, páxs. 113-134, reproducido en *Verba*, 2 (1975), pág. 137.

colares e imperdoábeis. Xa os teóricos das ciencias – neste caso da lingüística – advirten clara e tallantemente sobre estas cuestións, como por exemplo Eugenio Coseriu, o que sinala ao respecto: «Si el cometido de la teoría es el de establecer el sentido esencial de los hechos, el cometido básico de toda ciencia empírica o “de hechos” es el de ordenar los hechos mismos de un dominio determinado de la realidad. El cometido básico de la lingüística empírica – a la que pertenece también la dialectología en cuanto ciencia de “hechos” – es, pues, el de ordenar la multiplicidad, la variedad aparentemente infinita de los hechos de lenguaje. Pero, para que un orden introducido en los hechos sea efectivamente científico, este orden debe ser objetivo y real, y no un orden arbitrario y convencional. Un orden es “objetivo” si se establece con criterios objetivos y es “arbitrario” si sus criterios son subjetivos»⁸. Se queremos facer pois “ciencia”, a descrición dos feitos ten que responder ás condicións de seren *obxectivos* e *reais*, tal como advirte Eugenio Coseriu, características ás que non responden algúns dos traballos que se fan sobre a lingua desta zona; así Xosé Miguel Suárez Fernández, cando afirma categóricamente que «Nel territorio entre os valles que regan os ríos Navia y Eo, nesas terras undé se fala el complejo dialectal que tan ben boutizóu Dámaso Alonso como gallego-asturiano»⁹, non responde a ningunha das dúas condicións anteriores, pois non é exactamente certo que Dámaso Alonso caracterizara estas falas unicamente así, a secas, como de *gallego-asturiano*, como afirma o citado autor aplicándolle ademais a expresión de «tan ben». Esta definición, dende o punto de vista lingüístico, é a máis simplista e interesada que se pode facer da fala desta franxa estremeira de Asturias (en palabras de E. Coseriu sería *subxectiva* e, en certo modo, *arbitraria*). Dámaso Alonso deixou moi claro que entendía por *gallego asturiano*, non é esta unha definición que o eminente lingüista botara a voleo coma quen sementa palabras no eido da lingua. Non se pode empregar o nome de Dámaso Alonso para dicir o que non dixo exactamente e menos nun traballo que pretende ser científico.

As palabras reais e o pensamento lingüístico de Dámaso Alonso sobre a lingua desta franxa asturiana son as seguintes: «Llamamos gallego exterior o gallego-

⁸ EUGENIO COSERIU, «Los conceptos de “dialecto”, “nivel” y “estilo de lengua” y el sentido propio de la dialectología», *Lingüística Española Actual*, III (1981), páxs. 3-4.

⁹ XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ, «Primeiros usos escritos de -y- < -l’j-, -c’l-, -g’l- en gallego-asturiano», *Lletres Asturianas*, 75 (2000), páx. 99.

leonés al hablado fuera de Galicia, en tierras españolas limítrofes con ella. El gallego exterior o gallego-leonés comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia, están dentro del sistema lingüístico galaico, si lo miramos en una perspectiva sincrónico-diacrónica¹⁰; é dicir, Dámaso Alonso engloba estas falas –coma todos os romanistas– dentro do chamado «gallego exterior o gallego-leonés» e segue dicindo que o «gallego exterior comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia, están dentro del sistema lingüístico galaico», esto é, trátase de falas «básicamente gallegas» e non cansa de recalcar que «están dentro del sistema lingüístico galaico». Dámaso Alonso di pois claramente que estas falas encóntranse dentro do sistema lingüístico galaico, ou o que é o mesmo, pertencen ao galego ou son galegas. Pero aínda segue dicindo máis: «pero junto a estos rasgos esencialmente galaicos, presentan siempre las hablas del gallego exterior unos pocos que son propios del dialecto leonés. Una rama del gallego-leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano»; en efecto, puntualiza o citado lingüista e deixa ben claro que esas «hablas del gallego exterior» presentan «unos pocos» trazos «que son propios del dialecto leonés» e unha desas ramas é a que se fala no extremo occidental de Asturias, «que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano», esto é, que moitas veces –advirte o propio Dámaso Alonso– «por rapidez» chama «gallego-asturiano». Máis claro, imposible: «por rapidez». Hai que entender pois que estamos diante dunha definición ou etiqueta “convencional” ou “para entendérmonos”, porque pensa Dámaso Alonso que esa etiqueta non define exactamente unha fala que ten «unos pocos» trazos asturianos pero que é lingüísticamente galega, afirmación esta que repite até a saciedade: «Estas hablas de entre el Navia y el Eo, fundamentalmente gallegas, pero con algunos rasgos asturianos, las designo con el nombre de gallego-asturiano»¹¹; e noutro traballo no que trata as voces portuguesas *estiar* e *sotaque* di: «Lo mismo que otros concejos del Occidente de Asturias, hablan gallego-asturiano, dialecto

¹⁰ DÁMASO ALONSO e VALENTÍN GARCÍA YEBRA, «El gallego-leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páxs. 315-316.

¹¹ DÁMASO ALONSO, «Junio y Julio entre Galicia y Asturias», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 391.

básicamente gallego con algunos fenómenos del asturiano»¹²; a mesma aclaración que fai cando estuda a lingua oral de San Martín de Oscos: «La lengua de los Oscos tiene algunos rasgos en común con el asturiano, pero es fundamentalmente gallega»¹³. Nótese incluso até onde chega a precisión do prestixioso lingüista que ás veces fai parénteses, explicacións, incisos, esto é, aposicións dende o punto de vista gramatical, como as que seguen: «En gallego-asturiano (gallego del Occidente de Asturias), *bordelo* designa el par de ayuda o encuarte»¹⁴; observación semellante, pero na que aínda puntualiza e da un paso lingüístico máis, faina ao falar de novo sobre a lingua dos Oscos: «La lengua de los Oscos tiene algunos rasgos en común con el asturiano, pero es fundamentalmente gallega, un dialecto del gallego»¹⁵, esto é, o que el denomina como «gallego-asturiano» non só pertence ao galego senón que é un dialecto do galego (distinto polo tanto a outros dialectos do galego que como lingua histórica ten). É máis, nunha nota a pé de páxina ao explicar o seguinte inciso, «En gallego-asturiano (gallego del Occidente de Asturias)», di: «Que lo mismo por su fonética que por su morfología y su sintaxis es un habla gallega, con unos cuantos (muy pocos) rasgos coincidentes con el asturiano»¹⁶; é dicir, en palabras de Dámaso Alonso, o sistema lingüístico fonolóxico, morfolóxico e sintáctico do «gallego-asturiano» pertence ou é do galego; ou dito doutra forma: os poucos rasgos que esta fala ten do asturiano non lle estorban para nada a esta lingua para que deixe de pertencer ao galego ou deixe de ser galega.

Mesmo en varios casos deixa entrever ou manifesta o alcance do termo «asturiano»: «Dentro de esa zona, políticamente asturiana, lingüísticamente gallega»¹⁷;

¹² DÁMASO ALONSO, «Dos voces portuguesas: “estiar”, “sotaque”», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 436.

¹³ DÁMASO ALONSO, «Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Oscos», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 497.

¹⁴ DÁMASO ALONSO, «Gallego *bordelo*, *abordelar* (Sobre el par de encuarte en el Noroeste de la Península)», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 465.

¹⁵ DÁMASO ALONSO, «Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Oscos», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 497.

¹⁶ DÁMASO ALONSO, «Gallego *bordelo*, *abordelar* (Sobre el par de encuarte en el Noroeste de la Península)», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 465.

¹⁷ DÁMASO ALONSO, «Junio y Julio entre Galicia y Asturias», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 391.

e noutro dos seus artigos volve a repetir a mesma idea: «Es una región política-mente asturiana, lingüísticamente gallega, con influjo asturiano decreciente, según se avanza hacia el Eo»¹⁸; esto é, «zona políticamente asturiana pero lingüísticamente gallega», ou o que é o mesmo, o termo «asturiano» ten máis significado “xeográfico” ou “político” que lingüístico. Incluso clarexa que eses poucos rasgos asturianos segundo se avanza até o río Eo vanse perdendo. É máis, até tal punto é este o pensamento de Dámaso Alonso que outras veces fala do “galego de Asturias” ou “galego en Asturias” e non unha vez senón varias: «Con igual significado en el gallego de la Asturias occidental»¹⁹; «Para la comprensión de la legitimidad fonética de estas formas (*redolada, redolo, arredolao*) del gallego hablado en el extremo occidental de Asturias (el que llamo gall-ast.)»²⁰.

Se Dámaso Alonso enténdese que estaba diante dunha lingua de «transición» onde as isoglosas fónicas, morfosintácticas e léxicas das dúas linguas se mesturaran, falaría dun «gallego-asturiano» coma lingua de transición e non é así; precisa moi ben que entende por ditos termos e fala sempre de “fala lingüística galega en zona asturiana”, onde aparecen «algunos», «unos pocos» trazos asturianos. En definitiva, falando en termos lingüísticos, a lingua que se fala entre os ríos Eo e Frexulfe —un pouco máis alá do río Navia—, pertence ao sistema lingüístico do galego, de aí que a denominación científica que responde ás súas características sexa “o galego de Asturias”, tal como entende e demostra o autor do libro que reseñamos. Afortunadamente, os investigadores, por moito que nos empeñemos, non podemos cambiar nin a historia nin a lingua, que no primeiro caso, foi a que foi, e no segundo, é a que é; esto é, historia e lingua son as que son.

Un dos numerosos trazos que analiza Xoán Babarro é o da perda do /-n-/, trazo que delimita o galego fronte ao asturiano, que incide tanto na morfoloxía da lingua e que coincide coa isoglosa da aditongación²¹. Xa pola súa parte o estu-

¹⁸ DÁMASO ALONSO, «Portugués “sotaque”», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 444.

¹⁹ DÁMASO ALONSO, «Portugués “sotaque”», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 444.

²⁰ DÁMASO ALONSO, «Representantes no sincopados de *rotulare», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 540.

²¹ Vol. I, páxs. 94-97.

dara Dámaso Alonso hai moitísimos anos e del dixo entre outras cousas: «El límite oriental de la caída de -n- intervocálica (importantísimo fenómeno que liga un inmenso territorio que hacia Poniente y después hacia el Sur llega hasta el mar del Algarbe)»²²; con estes antecedentes, pois, e tendo un mínimo de coñecemento do tipo de filiación lingüística da lingua que se somete a estudo, non se pode poñer nun traballo o seguinte, como fan Xabiel G. Menéndez e Xosé Miguel Suárez Fernández: «Entre outras cousas, os conceyos de fala gallego-asturiana tein en común col amprio dominio llingüístico galaico-portugués a pérdida del ene intervocálica llatina»²³; non é que eses concellos de fala galego-asturiana teñan en común co amplo dominio lingüístico galaico-portugués a perda do /-n-/ intervocálico senón sinxelamente é que o galego ou o galaico-portugués chega dende o Algarbe até un pouco máis alá do río Navia, o Frexulfe, e aí rematan as súas características lingüísticas é unha delas é a perda do /-n-/. Non é pois que estes dezaoito concellos asturianos “coincidan” ou “teñan en común” co galego, é que é a lingua galega a que se fala nestes dezaoito concellos. Unha lingua poderá ter trazos comúns con outra distinta pero é absurdo e ilóxico que teña trazos comúns consigo mesma. O mínimo que se pide son uns coñecementos básicos sobre os puntos de partida e o tema que se está a tratar. Enlazando con isto, outro tanto podíamos dicir de afirmacións como as que fai Fernández Vior na súa reseña: «Sorprende también que alguien que se muestra tan riguroso con las interferencias del castellano, destacándolas dentro de los textos en cursiva, no haga lo mismo con aquellas que por las razones que fuere son interferencias claras del gallego, como pudiera ser a modo de ejemplo *o tren* o *cando* en informantes de A Veiga no pertenecientes a las parroquias de Abres y Guiar»²⁴.

Non se coñece en lingüística que haxa interferencias entre unidades dunha mesma lingua; o que si se sabe en lingüística é que nunha lingua *histórica*, como é por exemplo o caso do galego, do asturiano, do castelán ou do catalán, por ci-

²² DÁMASO ALONSO, «El saúco entre Galicia y Asturias (Nombre y superstición)», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 366.

²³ XABIEL G. MENÉNDEZ e XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ, «*Úa / unha* nel Navia-Eo», *Estudios das terras del Navia-Eo*, Uviéu (Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo), 1998, páx. 91.

²⁴ JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR, na reseña da obra de Xoán Babarro González, en *Campo del Tablado*, 1 (2004), páx. 146.

tar linguas da Península, poida ter ou coexistir (e de feito teñen e coexisten) varias variantes dunha invariante, pero nunca se trata de «interferencias». Eugenio Coseriu xa espuxo todas estas cuestións con moita claridade: «Una lengua histórica no es un modo de hablar único, sino una “familia” histórica de modos de hablar afines e interdependientes»²⁵; cuestións que foi desenvolvendo ao longo doutros traballos²⁶. Coñecendo o concepto de *lingua histórica* e outros moi implicados con el coma son os das distintas variantes que poden ter, con case toda seguridade o profesor Fernández Vior non lle fixese tampouco ao libro de Xoán Babarro a crítica que segue: «Tras leer con detenimiento estos textos y en especial los pertenecientes al concejo de Vegadeo, el que mejor conozco no sólo por haber nacido en él sino también por ser objeto de mi tesis doctoral, he de objetar el dudoso valor que para la filiación lingüística tienen algunos de ellos; pues cuando se trata de canciones, refranes o adivinanzas, por ejemplo, sabido es que su origen puede estar en áreas lingüísticas ajenas al lugar en el que se recogen y que el informante los adapta a su habla como mejor considera. Sólo así podemos entender que Matilde de Piantón recite el “Miña nai por me casare / prometéume conto tía / desque me tuvo casada / pagoume cunha galía”, breve rima en la que aparecen palabras como *miña, nai, casare* o *conto* que nadie en Piantón admitiría como suyas»²⁷.

Nun dialecto dunha lingua histórica, ou se se prefíre neste caso, nunha variante diatópica, sempre é posible manexar ou incorporar unidades doutras zonas ou dialectos desa lingua, porque en efecto, anque non son propias da área –como pasa con *miña, nai, casare* ou *conto* en Piantón– xamáis lle resultan estrañas nin alleas ao falante, porque 1) forman parte da súa lingua e non lle son descoñecidas (a diferencia de unidades doutra lingua), e 2) porque as está escoitando por outras vías (familiares e veciños doutras zonas, medios de comunicación, desprazamentos a feiras e mercados, etc.); por iso incorpóraas á súa fala sen problema ningún. Sen ir máis alá, é o que pasa co adverbio *conto* ou o adxectivo posesivo *miña*,

²⁵ EUGENIO COSERIU, «Los conceptos de “dialecto”, “nivel” y “estilo de lengua” y el sentido propio de la dialectología», *Lingüística Española Actual*, III (1981), páx. 6.

²⁶ Vid. EUGENIO COSERIU, «Lengua funcional», en *Lecciones de Lingüística General*, Madrid (Gredos), 1986, páxs. 287-315.

²⁷ JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR, na reseña da obra de Xoán Babarro González, en *Campo del Tablado*, I (2004), páx. 146.

que critica Fernández Vior, pois a escasos quilómetros de Piantón, tanto na Roda²⁸ como en Mántaras²⁹, é de uso común o primeiro, e en Taramundi ou Santiso de Abres, o segundo; e non digamos nada dos infinitivos rematados en /-e/, que se escoitan por todas partes sobre todo a nivel vulgar. Neste senso vese claramente nesta canción popular como palabras que podían “mancar” os oídos da xente de Piantón as cambian polas propias da zona como é o caso de *ría* e *galía*, aínda que neste cambio probablemente teña que ver moito a rima ou a propia música, razóns que non se dan con *miña*.

Para rematar, como demostra Xoán Babarro tanto ao longo do seu estudo fónico, coma morfosintáctico e semántico, a lingua desta zona non é unha lingua distinta da de Galiza (si é diferente á asturiana ou á castelá); o sistema lingüístico é o do galego (e non o digo eu, demóstrao este estudo así como lingüistas anteriores con traballos parciais como foron Menéndez Pidal e Dámaso Alonso, entre outros) coas variantes propias dunha lingua histórica: diatópicas, diafásicas e diastráticas; por iso tamén carecen de fundamento as críticas que Fernández Vior fai aos textos de Antolín Santos Mediante e Cotarelo Valledor ao achacarlles unha filiación galega.

Outro acerto do profesor Xoán Babarro foi incorporar á publicación todos os nomes, idade, profesión, lugar de orixe e outras referencias dos enquisados, que por certo hainos dende nenos (os menos) até vellos, e dende profesores, licenciados até labregos, gandeiros, amas de casa ou simplemente veciños da zona³⁰; por iso unha especie de descalificación global que Fernández Vior deixa caer sobre esta cuestión non nos parece para nada acertada nin con fundamento: «Quien ha hecho mucho trabajo de campo sabe de la dificultad para la elección y selección previa de los informantes idóneos. Y en este terreno creo que X. Babarro no siempre ha acertado, tal vez porque el área que ha intentado abarcar para un trabajo de perfiles tan precisos es demasiado amplia»³¹.

²⁸ JACINTO DÍAZ LÓPEZ e MANUEL GARCÍA GALANO, *Vocabulario d'A Roda (Tapia)*, Uviéu (Serviciu Publicaciones del Principáu d'Asturies), 2ª ed. miyorada, 1996, páx. 66.

²⁹ XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ, *Vocabulario de Mántaras (Tapia). Aportacióis al léxico del galego-asturiano*, A Caridá (Xeira), 1996, páx. 63.

³⁰ Vol. I, páxs. 71-83.

³¹ JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR, na reseña da obra de Xoán Babarro González, en *Campo del Tablado*, I (2004), páx. 146.

Dinos, en efecto, que «no siempre ha acertado» respecto á «elección y selección previa de los informantes idóneos». Este punto sen lugar a dúbidas é o “cabalo de loita” dos estudos dialectolóxicos: unha boa elección e selección dos informantes é imprescindible para que o resultado do traballo sexa críbel, ou dito doutra maneira, o resultado do traballo garda unha relación moi directa coas enquisas que se fan e cos informantes que se escollen. Persoalmente tamén sempre temos as nosas dúbidas sobre os resultados de traballos (lingüísticos, sociolóxicos, etc.) onde as enquisas son o material base, porque moitas veces tanto enquisas como informantes están “dirixidos” e “escolmados” co fin de conseguir uns resultados determinados, pero neste caso Xoán Babarro expón con total claridade todos os datos dos informantes; ou senón claréxenos en que «no siempre ha acertado».

En definitiva, a importancia da denominación ou filiación dunha lingua a un tronco lingüístico é fundamental, por iso Dámaso Alonso insistiu tanto a que sistema de lingua pertencía a fala destes concellos, que el por «rapidez» bautizou como «gallego-asturiano». O «gallego-asturiano» como sistema lingüístico, en efecto, podía ser unha lingua distinta na que se mesturaran nun tanto por cento, por igual ou aproximado, os trazos dunha e outra lingua, pero de momento non é así, coma novamente ven a confirmar este estudo de Xoán Babarro. Entendela neste senso (como queren académicos oficiais) leva a erros básicos de plantexamento no seu estudo, que coma un búmerang se volven contra quen os fai.

Polo demáis, no primeiro volume Xoán Babarro describe, analiza e delimita o galego que se fala en Asturias sinalando as isoglosas de distintos fenómenos fónicos e morfosintácticos até os concellos de Navia, Villayón, Allande e Ibias, coma son a non ditongación do /e/ e /o/ tónicos e breves fronte á ditongación (*cego / ciego*); a perda ou mantemento do -n- intervocálico (*chao / chano*) e os resultados do /- inicial e -ll- intervocálico (*lobo, vale / llobo, valle*). Outro tanto fai con fenómenos morfosintácticos como son as terminacións en -eira / -era; as formas do artigo *el - o, a - el, lo - el, os, as / el, la, lo, los, las*; os pronomes persoais *eu - eo, che, cho, mo, min / iou, te, te lo, me lo, mi*; as formas dos posesivos; demostrativos; algúns indefinidos; pronomes relativos, interrogativos e exclamativos; as formas persoais e non persoais do verbo, das que convén destacar o emprego das do infinitivo conxugado, que Xoán Babarro rexistra con moita vitalidade nos concellos da Veiga, Taramundi, Os Ozcos e Ibias; os distintos tipos de adverbios; preposicións e conxuncións. O estudo de todos estes fenómenos acompáñase de mapas detallando as súas isoglosas. Fai tamén un pequeno estudo sobre o léxico –pero

non por pequeno deixa de ser moi interesante— onde se pode comprobar aínda a vitalidade do léxico patrimonial galego a pesar da presión do castelán, léxico que recolle despois a modo de dicionario no segundo tomo, onde ademais sinala o lugar de procedencia do termo³². No apartado do léxico estuda a formación de palabras e ofrécenos unha pequena mostra da fraseoloxía da zona.

Estudados todos estes datos, Xoán Babarro conclúe facendo unha caracterización do galego que se fala entre o río Navia (ou mellor o Frexulfe) e o Eo en tres zonas dialectais: a zona A, que abranguería parte do concello da Veiga, Santiso de Abres, Taramundi e unha pequena franxa en Ibias (Os Coutos); a zona B, que subdivide en dúas zonas a B₁ e B₂ e que abranguería practicamente todos os concellos de entre estes dous ríos, salvo os da zona C, que sería propiamente a zona híbrida ou de transición lingüística, que subdivide en tres subáreas: a C_{N2} (parte oriental do concello de Navia), a C_{V2} (parte do concello de Villayón) e a C₁₂ (formada polas parroquias de A Estierna e Trabáu en Ibias e Degaña), a que xa Menéndez García no 1950 calificou de híbrida entre o galego e o asturiano occidental. Todo isto pódese comprobar—incluídos mapa e resumo das características das citadas zonas— nesta publicación³³.

Algúns dos trazos que caracterizan a zona que Xoán Babarro denomina B son, entre outros, 1) a non ditongación, que conleva un sistema vocálico de sete vocais e catro graos de abertura; 2) a perda do -n- intervocálico; 3) pl- > tʃ; 4) uso das formas pronominais *che* e *mo*; 5) emprego de formas verbais como *teño*, *veño*, *vexa*, *cantache*, *fuche*, etc.; 6) uso nalgunhas zonas do infinitivo conxugado; 7) e até o Navia, emprego das formas do artigo *el*, *a*, *el (lo)*, esto é, a tendencia a neutralizar o masculino co neutro, como en galego, e os plurais *os*, *as*; 8) tamén até o Navia, uso do pronome persoal *eu*, etc.; dalgún destes trazos dixo Dámaso Alonso:

«El límite oriental del gallego-asturiano con el asturiano occidental está claramente definido por la línea hasta donde llegan (con ligeras diferencias) dos fenómenos gallegos: la pérdida de -n- y la no diptongación de o y e tónicas y abiertas»³⁴.

³² Vol. II, páxs. 332-459.

³³ Vol. I, páxs. 531-542.

³⁴ DÁMASO ALONSO, «Dos voces portuguesas: “estiar”, “sotaque”», en *Obras Completas*, T. I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 436.

En efecto, como Dámaso Alonso e Xoán Babarro, cremos que estos trazos seguen caracterizando sen lugar a dúbidas esta fala como galega, mais o profesor Fernández Vior non o entende ou non o quere entender así: «¿Por qué no considerar toda la zona B como amplia área de transición o “frontera constitutiva” siguiendo la línea de Gargallo Gil en su estudio de las fronteras lingüísticas entre el Navia y el Eo y entre el Cinca y el Segre?»³⁵.

Considerar esta zona de «transición» sería de tal desacerto lingüístico como considerar o asturiano occidental como zona de transición entre o galego e o asturiano por moitas coincidencias que o asturiano occidental teña co galego, que as ten; e nunca poderá ser así por unha razón moi sinxela e poderosa, que é que o sistema de lingua (fónico, morfosintáctico e léxico) é fundamentalmente asturiano a pesar dos trazos que posúe idénticos co galego.

Igualmente pasa nesta zona B, onde o sistema de lingua é fundamentalmente galego a pesar de ter algúns trazos asturianos; ben é verdade que o profesor Fernández Vior subestima unha das razóns máis poderosas de por que até o día de hoxe, con máis ou menos intensidade, se fala galego nesta zona asturiana, xa que afirma:

«Desde un principio, toda la zona es para él gallego oriental, sin ningún tipo de discusión. Y por si hubiera alguna duda echa mano en el capítulo inductorio de argumentos históricos o culturales, muy discutibles los primeros y un tanto anecdóticos algunos de los segundos»³⁶.

Pois ben, a Historia foi a que foi (seica desgraciadamente para uns) e non se pode cambiar por moito que se bouree e patalex. A Historia está moi xunguida á sociedade e a lingua é un feito de sociedade, lingua esta que pertence á mesma sociedade da Fonsagrada ou Navia de Suarna, que a maioría dos romanistas e dialectólogos, con razóns e criterios lingüísticos, denominaron «galego», «gallego asturiano» e «galego oriental», aínda que o profesor Fernández Vior non o queira crer ou se resista a aceptalo. O galego que se fala nesta zona asturiana non che-

³⁵ JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR, na reseña da obra de Xoán Babarro González, en *Campo del Tablado*, I (2004), pág. 148.

³⁶ JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR, na reseña da obra de Xoán Babarro González, en *Campo del Tablado*, I (2004), pág. 148.

gou entre o Eo e o Frexulfe por influencia da veciña comunidade galega, onde, en efecto, se a Historia fose doutra maneira, podíase dar un trazo aquí e outro acolá –como pasa cos trazos asturianos–; fálase porque toda esta sociedade e os seus feitos (folklore, tradicións, idiosincrasia, etc.) foron conformados culturalmente dende a época romana baixo o ámbito de Lucus Augusti, e até o século XII pertenceu a «Galiza» (concretamente até o ano 1154)³⁷, aínda que ao profesor Fernández Vior lle pareza “discutíbel e anecdótico”, de aí que esta zona siga mantendo esa cohesión lingüística e cultural, porque sinxelamente é unha lingua autóctona nesta parte do territorio asturiano. Ademais, a mediados do século XII e comezos do XIII, a Reconquista xa estaba ás mesmas portas de Andalucía, concretamente no 1212 Afonso VIII derrota os almoades na batalla das Navas de Tolosa e aos poucos anos conquístanse Úbeda (1233), Baeza, Córdoba (1236), Jaén (1246) e Sevilla (1248), é dicir, o castelán estaba subsumindo ou fagocitando, entre outras linguas, o asturiano, e presionando ou abríndose paso política e culturalmente no norte da Península (mester de clerecía), de aí que a presión que sofren as linguas autóctonas, e neste caso o galego, a partir destes momentos sexa do castelán e non do asturiano. Se o asturiano nestes momentos fose unha lingua de «reis e de poetas» ou como comunmente se di de prestixio, tería barrido o galego desta zona ao pasar a pertencer a súa comunidade e non foi así: é o castelán o que empuxa e non o asturiano, de aí que mesmo hoxe, a pesar do proceso de transculturización que se leva a cabo dende institucións lingüísticas oficiais e no ensino universitario, logre sobrevivir a todos os ataques e se mantéña case coma na época do baixo medievo.

Por último, Xoán Babarro remata este volume I facendo unhas propostas de estandarización que non estaría mal que se tivesen en conta, porque se urxente e necesaria é a cooficialidade do asturiano, tamén é a do galego entre estes dous ríos. E xa pecha o volume un estudo sobre as diferentes actitudes que

³⁷ Vid. FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ CONDE, *El libro de los testamentos de la Catedral de Oviedo*, Roma, 1971, páx. 73; JUAN IGNACIO RUIZ DE LA PEÑA, *Las «Polas» Asturianas en la Edad Media*, Universidad de Oviedo, 1981, páx. 91; e RAMONA PÉREZ DE CASTRO, *Los señoríos episcopales en Asturias: el régimen jurídico de la obispalía de Castropol*, Oviedo (Instituto de Estudios Asturianos), 1987, páxs. 113-115; tamén en ANTÓN MEILÁN GARCÍA, «De cuestións históricas e lingüísticas sobre “el galego de Asturias”», en *Lingua e Cultura Galega de Asturias*, ed. de Francisco Fernández Rei, Vigo (Xerais), 1994, páxs. 58-61, e tamén en «Aspectos diacrónicos e sincrónicos do galego de Asturias», *Revista de Filoloxía Asturiana*, 1 (2001), páxs. 140-144.

teñen os falantes ante a lingua: o seu uso, a súa protección, a súa valoración persoal, etc.

Polo que se refire ao volume II, mostra un bo número de etnotextos que o autor recolleu ao longo do seu traballo de campo, así como unha interesante escolma de textos literarios de diversos escritores da comarca, entre os que se encontran Conrado Villar Loza, Antolín Santos Mediante, Cándido Sanjurjo, Francisco Fernández Arias Campoamor, Ignacio Pérez González, Francisco Fidalgo Villeirán ou Benjamín López. O traballo remata cun moi interesante vocabulario destes dezaoitto concellos, procedente tanto dos etnotextos como da recollida feita aos informantes.

En definitiva e como resume, un dos méritos máis importantes desta obra é a visión de conxunto, en moitos casos moi completa e minuciosa, da cultura material, espiritual (hórreos, pallozas, cabazos, galochas, lendas, gastronomía, música, etc.) e lingüística da franxa asturiana delimitada polos ríos Eo e Navia (Frexulfe), na que Xoán Babarro non só se limita a sinalar os seus lindeiros coa lingua asturiana senón que tamén estuda as súas peculiaridades autóctonas. Estamos diante dun traballo científico que actualmente se converte en imprescindible para comprender e entender a situación sociolingüística desta zona asturiana, que segue mantendo e manifestando na súa sociedade (etnografía, antropoloxía, folklore, arquitectura popular, etc.) e na súa lingua os trazos da cultura galega.

Traballos como o de Xoán Babarro, supoñen un avance no estudo científico das linguas e neste caso contribúen a saber e coñecer con exactitude cal é a situación da lingua que se fala na parte máis occidental de Asturias, chamada vulgarmente «gallego-asturiano».

ANTÓN XOSÉ MEILÁN GARCÍA

Consuelo Vega Díaz, *Ortografía del asturianu nos siglos XVIII y XIX*, Uviéu (Ed. Trabe), 2002, 123 páxs.

La existencia d'una normativización ortográfica n'asturianu, de los años 70 a agora, nun tien xenerao muchos estudios teóricos sobre la ortografía o la normativa gramatical y léxica, nin tampoco sobre los sos antecedentes nel tiempo. La normativización como oxetu d'estudiu teórico ye una xera que se practica n'otros ámbitos llingüísticos con paecíos problemas, pero n'Asturies nun cuayó dafechu, a nun ser que citemos les observaciones feches por dellos filólogos na